

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2023/G007/000021

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 5 de outubro de 2023, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“04. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO.-

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO

CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS

Ref.: IRA/ESL/2023

ASUNTO: Subvención nominativa á entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO durante o ano 2023. Sinatura do Convenio de Colaboración.

O Pleno da Corporación aprobou, na sesión do día 29 de decembro do ano 2022, o Orzamento municipal no que se contempla a subvención nominativa destinada axudas de emerxencia por un importe de 10.000,00 €.

No Departamento de Servizos Sociais consta documentación suficiente da entidade, tanto no referente ao seu carácter non lucrativo, como relativa á capacidade de representación de D. Andrés Trinquete González, Párroco Consiliario. Igualmente contamos con documentación suficiente que acredita a condición de CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO como entidade sen ánimo de lucro e cos fins que se describen neste informe.

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos Sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a Promoción e coordinación dos servizos sociais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

A Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello, tamén prevé no artigo 4.b) subvencións directas tramitadas a través dos correspondentes convenios, desenvolvidas máis amplamente no artigo 10 b).

Consideramos que a súa actividade é de interese social para a comunidade polo cal propónse a sinatura do convenio que se somete a aprobación.

O obxecto do convenio é a colaboración económica no financiamento de axudas de emerxencia.

A entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO ten xustificada correctamente a subvención outorgada en 2022 polo importe de 10.000,00€

ACORDOS:

1. Aprobar a subvención nominativa destinada á entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO, con CIF nº R1500053B, representada por D. Andrés Trinquete González, con NIF 78796704S, Párroco Consiliario.
2. Aprobar o contido do Convenio de Colaboración, que se transcribe a continuación.
3. Aprobar a sinatura do Convenio coa entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO nas seguintes condicións:

IMPORTE DO CONVENIO: 10.000,00€.

ORZAMENTO QUE SE HA XUSTIFICAR: 10.000,00€.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN: 30/11/2023

4. Aprobar o pago dun anticipo do 80% do importe total do convenio (8.000,00€), unha vez asinado.
5. O pago do 20% restante (2.000,00€) queda supeditado á presentación e aprobación pola Xunta de Goberno Local, da conta xustificativa.
6. Dar traslado ao departamento de intervención do presente acordo, aos efectos oportunos.
7. Facultar á Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, D^a Inés Ramos Álvarez, para a sinatura do convenio e cantas xestións sexan necesarias.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO

REUNIDOS

Dunha parte a Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, Dona INÉS RAMOS ÁLVAREZ, que actúa en nome e representación do Concello de Arteixo facultada por acordo da Xunta de Goberno Local do día do ano actual.

Doutra, D. ANDRÉS TRINQUETE GONZÁLEZ, con DNI 78796704S, en nome e representación de CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO (A CORUÑA) da Coruña, con CIF: R1500053B e con sede na Igrexa parroquial de Arteixo.

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, O Concello de Arteixo ten plena capacidade xurídica para obrigarse e exercer as accións previstas nas leis.

En virtude do estipulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello está legalmente apoderado para a planificación das súas áreas municipais promovendo actividades que contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños sempre tendo en conta as competencias que lle corresponden ás administracións municipais definidas no artigo 4 da mencionada lei. Entre outras, ten atribuídas as potestades regulamentarias e de autoorganización, de programación ou planificación.

A mesma Lei (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), no artigo 2, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indica que se debe asegurar ós Concellos (entre outras administracións) o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúe competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

Que en cumprimento da lexislación aplicable as entidades locais poden exercer competencias, entre outras, nas seguintes materias: medio ambiente urbano, avaliación e información de situacións de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

necesidade social e atención a persoas en situación de risco de exclusión social, promoción da cultura, promoción turística, promoción do deporte e ocupación do tempo libre e, polo tanto, as derivadas da planificación e organización dos servizos e actividades de cada unha.

CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO, ten plena capacidade para asinar o presente convenio e non se atopa incurso en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Considerando que o obxecto do presente convenio non se atopa dentro do ámbito obxectivo da *Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público*.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se fai sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega está suxeita ao cumprimento duns obxectivos, proxectos ou actividades, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- c) Que o proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Por todo o exposto, **ACORDAN** Subscribir este convenio de cooperación, que estará suxeito ás seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a colaboración municipal no financiamento das axudas económicas de carácter social que conceden desde a entidade CÁRITAS PARROQUIAL a persoas necesitadas do termo municipal, que non poden abordar temporal ou permanentemente o custo de gastos básicos de alimentación, hixiene, vestimenta, limpeza do fogar, medicinas ou subministración de enerxía e auga.

SEGUNDA: REQUISITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

As persoas destinatarias das axudas cumprirán os requisitos de estaren empadroados no Concello de Arteixo (en calquera das parroquias), pertencer a un colectivo en risco de exclusión e non dispoñer de medios económicos para afrontar os gastos descritos.

O Concello de Arteixo, reserva para si a capacidade de derivar persoas candidatas para recibir as axudas que financia, pertencentes a calquera parroquia deste municipio e desde calquera centro de atención social, mediante a remisión de informe da traballadora social referente do expediente.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

Serán subvencionables os gastos destinados a axudas económicas de carácter social que, de xeito indubidable, respondan ao obxecto do convenio sinalado na cláusula primeira e sexan realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 novembro do ano actual

TERCEIRA: DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE CÁRITAS PARROQUIAL

A entidade CÁRITAS PARROQUIAL comprométese a:

- Destinar o importe do convenio á finalidade prevista na cláusula primeira, que se realizará no ano 2023, e aceptar a calquera persoa empadroadada en Arteixo que cumpra cos requisitos sinalados en dita cláusula.
 - A presentar a documentación xustificativa que se determina neste convenio.
 - A conservar dita documentación en tanto poidan ser obxecto de comprobación ou control.
- a) A reintegrar os fondos recibidos nos supostos que proceda.
- b) Comunicar calquera modificación que se produza nos seus datos ou mesmo na actividade subvencionada.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade que se subvenciona. Dita comunicación efectuarse tan pronto se coñeza e, en todo caso, antes das xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

En todas as actividades organizadas directamente pola entidade CÁRITAS PARROQUIAL e que teñan relación co obxecto do convenio, deberá incluír a este Concello como entidade financiadora do servizo. (Artigo 18.4 da Lei 38/2003).

Ademais das anteriores obrigas, de conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, son tamén obrigas da entidade:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas polo Concello de Arteixo.
- Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a mesma actividade deste convenio.
- Dispoñer e ter ao día baixo a súa responsabilidade, as licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación ou facenda, así como os libros, rexistros e demais documentos contables esixibles, no seu caso, pola lexislación mercantil.

CUARTA: CRÉDITO ORZAMENTARIO E IMPORTE DO CONVENIO

A tramitación do expediente esixirá a comprobación e existencia previa de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Municipal, así como a aprobación do gasto.

O Concello de Arteixo comprométese a financiar a CÁRITAS PARROQUIAL cun total de dez mil euros (10.000€) neste ano 2023, destinados a sufragar gastos definidos na cláusula primeira.

O pago efectuarase ao remate do mesmo, unha vez presentada a conta xustificativa pola entidade e aprobada polo órgano de goberno.

QUINTA: PRAZO DE VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do ano actual.

SEXTA. REQUISITOS DA ENTIDADE CÁRITAS PARROQUIAL COMO BENEFICIARIA:

CÁRITAS PARROQUIAL non poderá obter a condición de beneficiario no caso de concorrer nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente, estar declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal.
- c) Ter dado lugar, por ter sido declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- d) Estar incursos aqueles que ostenten a representación legal da entidade, nalgún dos supostos de incompatibilidade a que fan referencia a Lei 53/1984, de Incompatibilidade de Persoal ao Servizo das Administracións Públicas ou tratarse de cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado de paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións ou convenios.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións ou asinar convenios.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTARÁ PARA A SOLICITUDE

Previo á sinatura do convenio, a entidade deberá presentar no Rexistro Municipal a seguinte documentación:

- Solicitud rexistrada de sinatura do Convenio Anual.
- Declaración de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado e da Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial, co Concello de Arteixo ou outras entidades públicas relacionadas. No caso de que asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas da Axencia Tributaria e tramitará de oficio as municipais.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para percibir axudas públicas.

OITAVA: PRAZO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

O prazo de xustificación rematará o **día 30 de novembro do ano actual** e deberá acadar, polo menos, o importe do Orzamento concedido.

A conta xustificativa presentarse no Rexistro Xeral do Concello con destino ó Departamento de Servizos Sociais, e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

1. Certificación da Secretaria da entidade, co visto e praxe do Presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

2. Declaración asinada pola persoa representante da entidade de todas as axudas percibidas ou solicitadas para a actividade subvencionada.
3. Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento da finalidade do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá ao menos os seguintes documentos:
 - a) Listaxe de persoas beneficiarias que inclúa e, nesta orde, apelidos e nome, DNI/NIE, sexo, parroquia onde vive e importe concedido en 2023. A listaxe entregárase en formato pdf e ademais nun formato que permita o tratamento de datos (Word/ Excell ou arquivo de software libre).
 - b) Persoal implicado indicando se forman parte do cadro de persoal ou se se trata de persoal voluntario.
 - c) Incidencias rexistradas, se as houbera.
 - d) Carta de pago en caso de reintegro de sobrantes, no seu caso.
4. No caso de presentación de facturas, achegaranse orixinais ou copias cotexadas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos e polo importe mínimo de 10.000,00€. Estes documentos, ademais, están suxeitos ás seguintes normas:
 - a) Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias compulsada, antes de facer a fotocopia o concello deberá estender no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo, con indicación da porcentaxe imputada a esta subvención.
 - b) As facturas conterán como mínimo o número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión, denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario, desglose do IVE, con indicación do tipo aplicable e total. Figurará tamén a descrición completa e desagregada do concepto ou conceptos polos que se factura.
 - c) O pagamento das facturas, nóminas ou documentos equivalentes, acreditarase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo, certificación bancaria, etc.) nos que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura.
 - d) Os gastos de persoal acreditaranse, mediante facturas ou nóminas e deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
 - e) A substitución de facturas por outro documento unicamente será válido nos supostos mencionados no artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- f) Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal e autonómica e certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas ca Seguridade Social. Estas certificacións poderanse substituír por declaración responsable da persoa beneficiaria da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €. A comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais será realizada polo Concello de Arteixo de oficio.

NOVENA: TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informes do departamento de Servizos Sociais e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento da actividade subvencionada e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención, que se materializará mediante ingreso na conta bancaria sinalada pola entidade.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado neste Convenio sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na LXS.

A presentación da documentación nese prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

8. Atraso na presentación da xustificación de ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250,00 €.
9. Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000,00 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

DÉCIMA: REINTEGRO

Procederse ao reintegro da cantidade concedida en concepto do convenio nos seguintes casos:

a) Cando o importe do convenio supere os gastos efectivamente realizados. Neste caso a entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO presentará, xunto coa conta xustificativa, a carta de pago polo reintegro que corresponda.

b) Cando a entidade non xustifique o cumprimento da finalidade do Convenio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

c) Cando se incumpra a obriga de xustificación.

Nestes últimos casos, o procedemento de reintegro iniciárase mediante acordo da Xunta de Goberno, no que se indique a causa, as obrigas incumpridas e o importe da subvención concedida. Este acordo notificárase á entidade colaboradora, que disporá dun prazo de quince días para presentar alegacións.

No caso de que formule alegacións, emitírase un informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte da Xunta de Goberno; se transcorridos os 15 días a entidade non presenta alegacións, o acordo inicial de reintegro entenderase firme, e notificáraselle ao afectado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

DÉCIMO PRIMEIRA: COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DO CONVENIO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas puideran xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta por:

- a) A concelleira de Servizos Sociais, Concello de Arteixo.
- b) Unha técnica do departamento de servizos sociais.
- c) Por parte da Entidade CÁRITAS PARROQUIAL DE ARTEIXO, o presidente ou persoa na que delegue.

Co fin de unificar e adaptar a regulación municipal relativa á actividade de fomento, o Concello de Arteixo aproba e asina o presente convenio, axustado e baseado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a todas as demais normas concordantes coas citadas anteriormente.

DÉCIMO SEGUNDA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA: RÉXIME SANCIONADOR

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na dita Lei 38/2003.

DÉCIMO CUARTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O acordo das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- d) A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.
- e) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos aos que motivaron a concesión da axuda.
- f) A falta de xustificación das cantidades recibidas.

DÉCIMO CUARTA: NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

O presente convenio terá carácter administrativo. O seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polo regulado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade ambas partes de mutuo acordo asinan o presente convenio en lugar e data sinalados na cabeceira, e perante min, José María Vázquez Pita, Secretario Xeral do Concello.

Asinado dixitalmente por:

D. Andrés Trinquete González, Representante de Cáritas Arteixo

D^a. Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

Ante min, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de fiscalización (CVD: xikht6vcS683yKwDYT4u), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dña. Luz María Villa Álvarez, en data 29 de setembro de 2023.

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de Xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.